

A Unidade de Aplicación Interna

Desde o pasado decembro, estase informando unha parte do cadro de persoal, ou sábeo a través da Intranet, do seu paso á Unidade de Aplicación Interna (UAPI). Dada a preocupación que espertou no persoal, pedimos algunhas aclaracións, por escrito, a Recursos Humanos. A seguir extractamos a resposta do señor Javier Vela:

“O obxecto é gañar en axilidade de resposta no momento de proceder á cobertura de necesidades identificadas, xa sexa por incremento de volumes operativos ou de negocio, á apertura de novas oficinas, á cobertura de baixas que poidan producirse no cadro de persoal ou á internalización de procesos que actualmente puidesen estar contratados externamente.

En función do modelo homologado por Organización para cada centro de traballo (no que se identifica tanto o número de persoas necesarias como a súa función), determínase o perfil sobrante. Os directores de recursos, conxuntamente coa Dirección de Zona e da oficina, determinan o empregado que puidese ser asignado a outro centro de traballo co menor impacto organizativo, de servizo e/ou de xestión de clientes.

A asignación á UAPI non está limitada nin é exclusiva de ningunha función. Poderá asignarse a esta Unidade calquera empregado/a baixo os criterios descritos anteriormente.

*Dependen de cada unha das Direccións de Recursos pero **en ningún caso modifica a***

COMFIA-CCOO grupo banco sabadell

C. l'Horta Novella, 23 - 08201 Sabadell

CPI 3532-0002 Tel. (93) 748 13 22 - Fax (93) 725 86 76 CCO0901@bancsabaddell.com

<http://www.comfia.net/bs/> adherida a la **unión network internacional**

adscrición de cada empregado ao centro no que estea desenvolvendo o seu traballo diario; a creación das UAPI non modifica en nada o cumprimento por parte do Banco do indicado no Convenio.”

Doutra parte, o señor Javier Vela comprometeuse a enviar un comunicado ás persoas asignadas á UAPI, no que confirma as circunstancias e características da mencionada asignación.

Dadas as malas ou nulas explicacións e as presións que se están exercendo nalgunhas territoriais, como a de Levante e Baleares, nas que se chega a ameazar o persoal con envialo como suplentes por toda a dirección se non aceptan a asignación á UAPI (o que entra en total contradición coas afirmacións do director de Recursos Humanos), queremos lembrarnos que **o centro de traballo de cada empregado/a é aquel onde preste os seus servizos** e non onde figura o departamento ao que pertence; polo tanto, cada vez que se produza calquera cambio da prestación de servizo, debemos ter en conta os dereitos que temos recollidos no noso convenio colectivo:

Art. 30 Vacantes na mesma praza ou próximas, non terán a consideración de traslado nin mobilidade xeográfica, dentro dunha mesma praza ou dun raio de 25 km, sempre contado desde o municipio onde os traballadores/as prestan os seus servizos, para que non se produza o efecto dominó e se acabe trasladando

o persoal a máis dos 25 km. O raio dos 25 km non é aplicable entre as illas. Cando o cambio sexa a outra praza distinta daquela onde viña prestando os seus servizos dentro do raio dos 25 km, a empresa terá que pagar o transporte.

Art. 28 Traslados fóra dos 25 km establecidos no art. 30. A falta de acordo poderán trasladar o 5 por 100 máis moderno na empresa e atendendo a uns criterios e requisitos como a notificación cunha antelación mínima de 30 días ás persoas afectadas e á representación sindical.

Art. 29 Comisións de servizo, que establece o pagamento de axudas de custo e, nalgúns casos, días de licenza.

Ademais, no **Acordo sobre Medidas de Conciliación da Vida Familiar e Laboral**, especificase que o banco levará unha política de achegamento do lugar de traballo aos empregados/as e especialmente nos casos do persoal que teña fillos/as menores de 7 anos ou

teñan ao seu cargo persoas por razón de idade, discapacidade, accidente ou doenza.

Así mesmo, deberanse ter en conta os empregados/as que teñan recoñecido un **Expediente de Especial Sensibilidade**, que en cada caso teñen definidos os seus riscos e as accións correctoras correspondentes.

Recomendamos ao cadro de persoal que reclame que as comunicacións dos cambios de centro de traballo (e as condicións deste) se fagan por escrito e, se a empresa se nega, que sexa o propio afectado quen deixe constancia fidedigna de que o cambio non é voluntario; e lembramos que calquera situación distinta das descritas anteriormente está suxeita á voluntariedade do traballador/a.

Os delegados/as desta Sección Sindical estamos á vosa disposición para aclarar calquera dúbida.

Febreiro de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@ccoos.es ou chamar por teléfono ao 917028077.